

CONCELLO
DE VIGO



XXV XORNADAS DE FILOSOFÍA

Homenaxe a Jesús Mosterín

Ciencia,
filosofía e
racionalidade

*Auditorio Municipal
do Concello de Vigo
(praza do Rei)*

*15, 16, 17 e 18
de outubro de 2018*

Actividade extraescolar da UNED con recoñecemento de créditos

ORGANIZA:

CONCELLO
DE VIGO



DIRECCIÓN TÉCNICA:



Grupo
ALETHEIA. Vigo.

Un oasis para a reflexión

Manter a curiosidade por todo o que incumbe á nosa existencia e asomarnos con espírito crítico ás diferentes áreas do saber son actitudes que deberiamos manter sempre vivas.

Nun momento no que algunhas persoas intentan que a Filosofía estea cada vez máis lonxe das aulas, a outras cústalles, ou mesmo lles asusta, preguntarse o porqué das cousas. Xornadas como estas son un oasis para a reflexión que non podemos desperdiciar. Un encontro que, en cada edición, nos anima a recuperar os fundamentos do pensamento occidental e a enfrontarnos aos retos éticos que nos presenta o futuro.


Nesta XXV edición, as xornadas homenaxean a Jesús Mosterín e a súa frutífera carreira. Catedrático de Lóxica e Filosofía da Ciencia, este filósofo dedicouse a temas tan diversos como a lóxica, a física cuántica, a loita contra a tauromaquia e a posbioética. O seu libro "Ciencia, filosofía e racionalidade", que dá título ao encontro, ofrece unha resposta a moitos interrogantes persoais e colectivos actuais compatible coa ciencia do noso tempo.

E é que hoxe, máis que nunca, a filosofía e a ciencia teñen que volver ser as dúas caras dunha mesma moeda, como o foron na época de Aristóteles e Platón. Non podemos esquecer, que os constantes avances da tecnoloxía e a ciencia, implican que se precise da mediación da filosofía e a súa vertente máis práctica, a ética.

Estas xornadas, que organizamos desde o Concello da man do Grupo Aletheia, estou seguro de que van resultar dun enorme interese tanto para estudantes e académicos como para todas aquelas persoas curiosas e intelixentes en xeral.

Acudan a elas coa mente aberta e dispostos a embarcarse na aventura de pensar e no pracer de coñecer. Porque a filosofía, a ciencia e a racionalidade son dimensións humanas que nos incumben a todos e paga a pena esforzarnos por coñecelas e comprendelas.

Abel Caballero
Alcalde de Vigo



PROGRAMA

Día 15: LUNS

16:30 h Presentación das XXV Xornadas de Filosofía
Coa presenza de Úrsula Höpping, viúva de Jesús Mosterín

17:00 h **José Manuel Sánchez Ron:** *Jesús Mosterín e a ciencia*
Presenta: José Luís Legido. Catedrático de Física Aplicada Uvigo

18:00 h Coloquio

18:30 h Descanso

19:00 h **Antoni Fontdevila:** *Homo racional frente a Homo emocional: Un enfoque evolutivo*
Presenta: Emilio Rolán. Catedrático de xenética Uvigo

20:00 h Coloquio

20:30 h Final xornada

Día 16: MARTES

17:00 h **Victoria Camps:** *A racionalidade práctica de Jesús Mosterín*
Presenta: Uxia Blanco Iglesias, Concelleira de Igualdade do Concello de Vigo

18:00 h Coloquio

18:30 h Descanso

19:00 h **Javier Sádaba:** *Filosofía da cultura en Jesús Mosterín*
Presenta: Carlos Spuch. Investigador Grupo Neurociencia Instituto Investigación Sanitaria Galicia Sur

20:00 h Coloquio

20:30 h Final xornada

Día 17: MÉRCORES

17:00 h Ignacio Morgado: *Sofren os animais como as persoas?*

Presenta: Óscar González. Arquitecto

18:00 h Coloquio

18:30 h Descanso

19:00 h Anna Estany: *Epistemoloxía de deseño: unha aposta á racionalidade práctica*

Presenta: José Ángel Lorenzo Soliño. Profesor da UNED de Pontevedra.

20:00 h Coloquio

20:30 h Final xornada

Día 18: XOVES

17:00 h Emilio Ambrosio: *Racionalidade práctica en animais*

Presenta: María Troncoso. Directora da UNED de Pontevedra.

18:00 h Coloquio

18:30 h Descanso

19:00 h Adolf Tobeña: *A agresión animal e a violencia humana*

Presenta: Antón Pulido. Pintor.

20:00 h Coloquio

20:30 h Clausura das XXV Xornadas

ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR A CAPACIDADE

Máis información:

www.vigocultura.org

www.galicias.com/agora

Correo-e:

xornadasaletheia@yahoo.es



Día 15: LUNS



**José Manuel
Sánchez Ron**

Licenciado en Ciencias Físicas pola Universidade Complutense de Madrid (1971) e Doutor (Ph.D.) en Física pola Universidade de Londres (1978). É Catedrático

de Historia da Ciencia no Departamento de Física Teórica da Universidade Autónoma de Madrid. Membro da Real Academia Española. En 2006 foi elixido académico correspondente da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais. En 2006 foi elixido membro correspondente da Académie Internationale d' Histoire des Sciences de París e en 2015 académico pleno (membre effectif). Ten o Premio José Ortega e Gasset de Ensaio e Humanidades da Vila de Madrid, o Prisma da Casa das Ciencias da Coruña, o Premio Internacional de Ensaio Jovellanos, o Premio Nacional de Literatura na súa modalidade de Ensaio, o Premio Julián Marías á carreira científica en Humanidades da Comunidade de Madrid. Autor de máis de 400 traballos no campo da historia da ciencia e o ensaio, dos cales 47 son libros "maiores" e 15 como editor ou coordinador.




**Antoni
Fontdevila**

Catedrático de Xenética desde 1973, primeiro na Universidade de Santiago de Compostela (1973-80) e despois na Universitat Autònoma de Barcelona

(UAB) (1980-2011). Actualmente é Catedrático Emérito Honorario na UAB. Visiting Professor e conferenciante invitado máis de 40 veces en 15 países diferentes en varias universidades e centros de investigación nos cinco continentes. Investigador principal de máis de 20 proxectos financiados por axencias nacionais e internacionais. Autor de numerosas publicacións científicas, como Nature, Genetics, Evolution, Molecular Biology and Evolution, Journal of Evolutionary Biology, American Naturalist e Heredity. Editor dun libro e autor de 4 libros, entre os cales destaca "The Dynamic Genome: A Darwinian Approach" (Oxford University Press, 2011) que foi adoptado como libro de texto ou consulta prioritaria de diversos masters en Bioloxía e Xenética, como o de " Genomic Architecture" na Universidade de Leiden (Holanda).

Día 16: MARTES



Vitoria Camps é catedrática emérita de Filosofía moral e política da Universidade Autónoma de Barcelona. Foi senadora polo PSC-PSOE durante os anos 1993-1996

e conselleira do Consell Audiovisual de Catalunya entre 2002 e 2008. Actualmente é presidenta da Fundació Víctor Grifols i Lucas e membro do Comité de Bioética de Cataluña. Foi presidenta do Comité de Bioética de España. Entre os seus libros destacan *La imaginación ética*, *Virtudes públicas* (Premio Espasa de Ensaio), *Paradojas del individualismo*, *El siglo de las mujeres*, *La voluntad de vivir*, *Creer en la educación*, *El declive de la ciudadanía*, *El gobierno de las emociones* (Premio Nacional de Ensaio), *Manual de civismo* (en colaboración con Salvador Giner). En 2008 foi galardoada co Premio Internacional Menéndez Pelayo. O seu último libro é *Elogio de la duda* (Arpa, 2016). Membro do Consello de Redacción das revistas *Isegoría* (do Instituto de Filosofía do Consello Superior de Investigacións Científicas e *Letra Internacional*.



JAVIER SÁDABA é catedrático de Ética da Universidade Autónoma de Madrid. Realizou estancias de estudo en Tübingen (Alemania), Columbia (EEUU),

Oxford e Cambridge (RU). Traballa con diversas institucións de Bioética entre as que destaca o Instituto de Bioética e Humanidades Médicas, do que é codirector. Leva escrito máis trinta libros e numerosos artigos sobre temas que van da Filosofía da Relixión ata a Bioética, pasando por estudos sobre Wittgenstein. Libros como *Hombres a la carta*. *Los dilemas de la Bioética* (1998), *La vida en nuestras manos* (2000) o *Principios de Bioética laica* (2004) mostran os seus intereses filosóficos actuais. Os seus últimos libros titúlanse *La vida buena* (2010), *El amor y sus formas* (2011), *No sufras más* (*La felicidad en la vida cotidiana*) (2012), *Ética erótica* (2014). Recentemente escribiu *Memorias comillenses* (2016), *La religión al descubierto* (2016), *¿Van los perros al cielo?* (2016) e *Memorias desvergonzadas*.


Día 17: MÉRCORES



**Ignacio
Morgado**

Ignacio Morgado Bernal es catedrático de Psicobiología y Director del Instituto de Neurociencias en la Universidad Autónoma de Barcelona. Ha sido miembro

del comité ejecutivo de la European Brain and Behaviour Society (EBBS). Es autor del blog En las entrañas de la mente (en Investigación y Ciencia, la edición española de Scientific American), y de un centenar de trabajos sobre psicobiología y neurociencia cognitiva, publicados en revistas y libros nacionales e internacionales. Ha publicado tribunas y artículos científicos y de opinión en diarios como El País y La Vanguardia y en revistas culturales como Claves de la Razón Práctica. Es autor de Emociones e Inteligencia Social: Las claves para una alianza entre los sentimientos y la razón (Mina 2006 edición catalana y Ariel 2007 y 2010 edición castellana) y de Cómo percibimos el mundo: una exploración de la mente y los sentidos (Ariel, 2012).



**Anna
Estany
Profitós**

Licenciada en Filosofía e Letras (sección Filosofía) pola Universidade "Central" de Barcelona. Entre os profesores que máis lle influíron está Jesús

Mosterin, o único que ensinaba Lóxica na Universidade de Barcelona. Traballou no Departamento de Historia e Filosofía da Ciencia da Universidade de Indiana (EE. UU.). En 1987 doutorouse no Departamento de Lóxica e Filosofía da Ciencia da Universidade de Barcelona cunha tese dirixida por Jesús Mosterin. Ese mesmo ano incorporouse como docente no Departamento de Filosofía (área de Lóxica e Filosofía da Ciencia) da UAB accedendo alí mesmo á cátedra en maio de 2004.

Obra: Modelos de cambio científico. Prólogo de Jesús Mosterin. Barcelona. Crítica, 1990. Introducción a la filosofía de la ciencia. Barcelona. Crítica, 1993. Vida, muerte y resurrección de la conciencia. Análisis filosófico de las revoluciones científicas en la psicología contemporánea. Barcelona. Paidós, 1999.

Día 18: XOVES



**Emilio
Ambrosio**

Emilio Ambrosio Flores é Catedrático de Psicobioloxía na Universidade Nacional a Distancia (UNED) e imparte docencia sobre Psicobioloxía en titulacións

oficiais de Grao, Máster e Doutoramento. A súa actividade investigadora centrouse no estudo dos procesos psicobiolóxicos que participan nas adiccións, empregando modelos animais para esa tarefa. É coautor de numerosos traballos científicos publicados en revistas internacionais de prestixio e recibiu varios premios científicos polas súas achegas ao campo da investigación básica en adiccións. Psicobiología de las adicciones. Editorial UNED-FUE. Madrid, 1999. Psicobiología de las drogas de síntesis. En: Ocio y Drogas de Síntesis. Plan Municipal de Drogodependencias (ed.). Diele Edicions. Valencia, pp. 28-45. Depósito legal: V- 3536-2004. Neuroadaptaciones producidas por el consumo y la abstinencia de cocaína. En: Aspectos Básicos y Clínicos sobre la Neurobiología de la Adicción. Monografías Dr. Antonio Esteve (nº 31).



**Adolf
Tobeña**

Catedrático de Psiquiatría na Facultade de Medicina, Instituto de Neurociencias, Universidade Autónoma de Barcelona (UAB). Profesor Visitante no Institute of

Psychiatry (University of London) e nas Universidades de Groningen, Tel Aviv, Venecia e Córdoba (Arxentina), ademais de Centros de Investigación e Universidades españolas. Leva publicado 16 libros en catalán e en castelán, e máis de 200 artigos de investigación. Foi director do Departamento de Psiquiatría e Medicina Forense da UAB durante vinte anos. Premio "Avui" 1991, de Periodismo; "Ciudad de Barcelona", 1992, de Ciencia; "Serra i Moret" 1994, de Civismo; "Estudio General" 2004, Europeo de Divulgación Científica, 2004; "Serra d'Or" 2014, de Ensaio Científico. Libros recentes: "Mártires mortíferos: biología del altruismo letal" 2004; "El cerebro erótico" 2006; "Cerebro y poder", 2008; "Píldoras o Freud" 2012; Devotos y descreídos: biología de la religiosidad", 2014; "La pasión secesionista", 2016; "Neuropolítica", 2018.